

FORMULARIO PARA ADMISIÓN DE DOAZÓNS

DATOS DA PERSOA/INSTITUCIÓN QUE REALIZA O DONATIVO					
Nome:		Apelidos:		DNI	
Enderezo:					
Poboación/ Concello:			C.P.		
Correo electrónico:				Tel.	

Acepto que, unha vez entregados os documentos á biblioteca da EASD Pablo Picasso, esta é a propietaria deles e xestionaraos segundo o seu criterio.

A Coruña, de de 202 .

Asdo,-----

Relación de exemplares doados:

Autor/a	Editorial	Ano	Título

ANEXO DOAZÓN DE PUBLICACIÓNS

A Biblioteca da EASD Pablo Picasso agradece todas aquelas doazóns de libros e outros documentos que apoiem os fins da institución e acepta todos aqueles materiais que contribúan por unha banda ao enriquecemento do patrimonio bibliográfico da escola e que reflectan por outro, os intereses actuais e necesidades da comunidade á que serve.

NORMAS XERAIS:

- A Biblioteca resérvase o dereito de aceptar ou rexeitar o total ou parte dunha doazón.
- Non se aceptarán doazóns anónimas.
- A entrega e cumprimentación do presente formulario debe anteceder necesariamente á entrega de calquera material que se desexe doar.
- O doante acepta que a súa doazón é definitiva e irreversible e que en consecuencia o material doado pase a ser propiedade legal da Biblioteca reservándose esta o dereito para organizar, manter, doar a terceiros, expurgar, situar e utilizar os fondos como considere.
- Se os documentos resultan claramente inservibles, a Biblioteca resérvase o dereito de destinar a operación de reciclaxe o material doado.

CRITERIOS PARA A ACEPTACIÓN DE DOAZÓNS:

Teranse en conta os seguintes criterios:

1. **Estado de conservación:** Só aceptaranse documentos en bo estado de conservación. Non poderán ser admitidos documentos rotos, mal encadernados, incompletos, sucios, ou con humidades e parasitos que poidan comprometer a seguridade da colección existente e que os fagan inservibles para ser postos ao dispor do público.
2. **Duplicidade:** O material duplicado só se aceptará baixo as seguintes condicións:
 1. Monografías: desestimaranse os duplicados excepto no casos nos que o exemplar da Biblioteca estea deteriorado, trátase de documentos de uso/préstamo frecuente, ou ben de edicións dun interese considerable.
 2. Publicacións periódicas: se se ofrece unha colección duplicada, tan só aceptaranse os números necesarios para completar coleccións. Os números soltos de revistas só se aceptarán no caso de que completen coleccións existentes ou sexan de máximo interese para os fondos da Biblioteca.
 3. Seguindo o mesmo criterio, tampouco se aceptarán volumes soltos de enciclopedias, memorias etc.

Poderase valorar tamén o ingreso de materiais duplicados no caso daqueles exemplares que presenten dedicatorias e anotacións do autor ou de personaxes que poidan ser considerados de importancia no ámbito cultural da Biblioteca.
3. **Vixencia de contidos e soportes:** Valorarase para a aceptación dunha doazón a vixencia, o valor informativo e a actualidade dos documentos, así como o posible interese que poida ter para os usuarios da Biblioteca. Non se aceptarán documentos naqueles soportes que se consideren obsoletos (por exemplo, audiovisuais en formato VHS).
4. **Materia:** Valorarase se a temática das obras garda relación coas políticas habituais de adquisición da Biblioteca. Por norma xeral non se aceptarán enciclopedias, anuarios, directorios, estatísticas, obras de lexislación, coleccións de libros de peto, nin literatura de kiosco.
5. **Copias:** Non se admitirán artigos de revistas (separatas), nin reproducións (fotocopias, copias gravadas) de ningún tipo de documento xa sexa bibliográfico ou audiovisual cando se trate de fondos xerais que non sexan de interese para a colección.
6. **Publicacións periódicas:** Poderanse aceptar coleccións completas ou relativamente completas daquelas publicacións periódicas que resulten de interese para o fondo a condición de que reúnan os criterios anteriores. Só aceptaranse números soltos de publicacións periódicas que sirvan para completar aquelas coleccións que se conserven e téñanse incompletas.
7. **Fondos galegos:** Consideránsense doazóns de especial relevancia e poderase especial coidado na análise daqueles fondos doados que se correspondan con documentos publicados en Galicia con anterioridade a 1958, ou que sexan de temática e/o de autor/a galego. Especial interese as publicacións coruñesas e relacionadas con Pablo Picasso.

DIFUSIÓN

A publicidade dos fondos doados á Biblioteca, sobre todo os de especial relevancia, ademais de ser un medio para o seu coñecemento e difusión, tense que considerar como unha forma máis de agradecemento e como un medio de atraer a novos doantes que permitan un enriquecemento e crecemento continuos da colección da Biblioteca. Esta publicidade levarase a cabo nas RRSS da escola.

A Biblioteca recoñecerá as doazóns recibidas mediante unha carta de agradecemento. Non se compromete nin a contestar nin a devolver os donativos recibidos cuxa proposta non fose previamente aceptada.